



CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE, NO CORPO XESTION DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SUBGRUPO A2

En sesión que tivo lugar o 4 de setembro de 2026, o tribunal nomeado por Resolución do 10 de xullo de 2026 (DOG núm. 133, do 17 de xullo) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre, no corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, convocado por Resolución do 19 de novembro de 2025 (DOG núm. 228, do 25 de novembro de 2025) e a Resolución de data 21 de xullo de 2026 (DOG núm.137, de 23 de xullo de 2026) pola que se modifica a composición do tribunal, acordou de conformidade coa base II.1.2.10 da convocatoria, establecer os criterios de corrección, valoración e superación do primeiro exercicio do proceso selectivo.

1. CUESTIÓNS XERAIS SOBRE A PROBA

O primeiro exercicio consiste na resolución por escrito un cuestionario de cento sesenta (160) preguntas tipo test, relacionado co anexo I do programa que figura na Resolución do 19 de novembro de 2025 (DOG núm.228, do 25 de novembro de 2025).

O exercicio dividirase en dúas partes:

a) **A primeira parte** consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de corenta (40) preguntas da parte xeral, bloque I.

Esta primeira parte do cuestionario disporá de cinco (5) preguntas de reserva, numeradas do 161 ao 165.

b) **A segunda parte** consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico e práctico de cento vinte (120) preguntas da parte xeral, bloque II, das cales cen (100) preguntas serán de contido teórico e vinte (20) preguntas serán sobre un suposto práctico tipo test, sobre un ou varios textos propostos polo tribunal.

Esta segunda parte do cuestionario disporá de seis (6) preguntas de reserva, catro (4) numeradas do 166 a 170, de contido teórico e dúas (2), de suposto práctico numeradas como 171 e 172.

Nos supostos a) e b), as preguntas terán catro (4) respostas alternativas, das cales só unha delas será a correcta.





As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio, entrando a pregunta de reserva correspondente á parte á que corresponda a pregunta anulada e pola orde das mesmas.

As persoas aspirantes non poderán facer uso de manuais ou textos legais ou de consulta para realizar esta proba e deberán sinalar na folla de exame as opcións de respostas que estimen válidas consonte ás instrucións que se lles faciliten.

O tempo máximo de duración desta proba será de douscentos dez (210) minutos, agás as posibles adaptacións de tempo concedidas ás persoas aspirantes.

2. DETERMINACIÓN DA SUPERACIÓN DA PROBA E DO NÚMERO DE APROBADOS.

As criterios de puntuación serán os seguintes:

- a) Cada resposta correcta equivale a unha unidade de puntuación.
- b) Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.
- c) As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.
- d) As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio e con relación á parte á que corresponda a pregunta anulada.

O tribunal acordou que superarán o primeiro exercicio as persoas aspirantes que, teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de persoas aspirantes determinado polo resultado de multiplicar por cinco (5) o número de prazas convocadas, sempre que acaden, en cada unha das partes, o mínimo do 40% das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

O exercicio cualificarase de 0 a 50 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de **vinte e cinco (25) puntos.**

Asignarase unha valoración de 25 puntos ás persoas aspirantes que obteñan unha nota equivalente á nota de corte fixada segundo os criterios anteriores. O resto das persoas que superen a proba terán unha cualificación distribuída entre os 25 e os 50 puntos proporcional ó número de respostas acertadas.

Santiago de Compostela, (asinado dixitalmente)

O presidente do tribunal

Luís Miguel Vázquez Carreira

